



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15042CoB Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2024/G007/000016

CERTIFICACIÓN

Eladio Bendaña Pardo, secretario do Concello de Concello de Mesía,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada en data 9 de agosto de 2024, adoptou o acordo que de seguido de transcribe:

“3. APROBACIÓN DE MEMORIA XUSTIFICATIVA E ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE “SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA AOS CENTROS DE CONSUMO PERTENCENTES AO CONCELLO DE MESÍA” MEDIANTE PROCEDIMENTO ABIERTO. EXPTE. C11/2024.

Vista a necesidade de contratación do “SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA AOS CENTROS DE CONSUMO PERTENCENTES AO CONCELLO DE MESÍA”, tal como se xustifica na memoria anexa ao presente acordo, e considerando que no vindeiro mes de setembro remata o contrato vixente.

Visto que o obxecto do presente contrato constitúe un contrato administrativo de suministro, de conformidade co artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público.

Resultando ser o órgano de contratación competente a Xunta de Goberno Local, en virtude de la Disposición adicional 2ª de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del sector público, en relación co acordo de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local, de data 23 de xuño de 2023, ao exceder o valor estimado do contrato do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento para o exercicio 2024.

Vistos os artigos 28, 99 e 116 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria xustificativa transcrita como Anexo do presente acordo.

SEGUNDO.- Acordar o inicio do expediente de contratación do contrato de “SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA AOS CENTROS DE CONSUMO PERTENCENTES AO CONCELLO DE MESÍA”, expediente C11-2024, por procedimientu aberto, por un prazo de un ano prorrogable por outro ano máis, cun presuposto base de licitación total de 189.340,96€ (156.480,13€ máis 21% de IVA: 32.860,83€) e un valor estimado de 375.552,31€.

TERCEIRO.- Incorporar ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas. Debe incorporarse ao expediente, así mesmo, certificado de existencia de crédito, informe de intervención de fiscalización del gasto e informe de secretaría.

Anexo.-

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE “SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA AOS CENTROS DE CONSUMO PERTENCENTES AO CONCELLO DE MESÍA”.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15042CoB Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2024/G007/000016

EXPTE. C11-2024

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais.

Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

Para o cumprimento do devandito precepto redáctase a presente memoria.

1. Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é a subministración de enerxía eléctrica aos puntos de consumo da iluminación pública e das instalacións dos edificios municipais do Concello de Mesía, así como dos novos puntos de subministración que resulten durante a vixencia do mesmo, sen que a contía total a suministrar se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades desta Administración.

2. Necesidades administrativas a satisfacer.

A finalidade pública perseguida é a correcta prestación dos servizos públicos xestionados por esta Administración Local dentro do seu termo municipal, e para cuxo desenvolvemento se require de instalacións e/o dependencias que precisan poder dispoñer dunha subministración eléctrica.

A tal fin, o obxecto do contrato, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse son garantir coa máxima eficacia, eficiencia e economía posible a garantía e calidade da subministración, sendo a adxudicataria a responsable do servizo, tanto na iluminación pública (competencia obrigatoria segundo o art. 26.1.a) LBRL) como nas diversas instalacións e edificios municipais (administración xeral, cultura, deportes,...), cuxa competencia tamén está atribuída a este concello pola LBRL.

3. Idoneidade do contrato.

Dada a natureza do contrato de subministración resulta evidente a imposibilidade de que se poida levar a cabo directamente pola propia Administración.

En relación co expediente de referencia, cabe sinalar que a normativa actual do sector eléctrico (R.D. 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica), obriga a que calquera subministración de enerxía eléctrica superior a 10 kW, sexa contratado no mercado libre, polo que se fai necesario iniciar o expediente para a subministración de enerxía eléctrica para todos os puntos de subministración do Concello de Mesía, mesmo para aqueles contratos de potencia inferior a 10kW.

Co presente contrato garantírase a prestación das subministracións de enerxía de forma interrompida e continuada a través do correspondente comercializador rexistrado e autorizado pola Administración, e obtendo a redución de custos. Todo iso para que o Concello poida realizar o seu funcionamento de forma eficaz e eficiente.

Segundo o previsto no artigo 16 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15042CoB Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2024/G007/000016

pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, trátase dun contrato de subministración:

“Artigo 16. Contrato de subministración.

1. Son contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

...

3. En todo caso, consideraranse contratos de subministración os seguintes:

...

d) Os que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada.”

4. Duración, orzamento de licitación e valor estimado.

Prevéese unha duración inicial de un ano, e a posibilidade de prórroga por un ano máis.

A previsión de gasto para o período de duración inicial deste contrato é a seguinte:

Duración inicial del contrato prevista (años)	Bloque	Importe sin impuestos (€)	Impuesto eléctrico (€)	Importe total sin IVA (€)	IVA (€)	Total presupuesto de licitación (€)
1,0	Bloque 1	101.603,72	5.191,95	106.795,67	22.427,09	129.222,76
	Bloque 2	13.235,56	676,34	13.911,90	2.921,50	16.833,40
	Bloque 3	34.033,45	1.739,11	35.772,56	7.512,24	43.284,80
	Total	148.872,73	7.607,40	156.480,13	32.860,83	189.340,96

O valor estimado do contrato, incluíndo tanto as posibles prórrogas como tamén o posible incremento do 20% do volumen de facturación debido a novas altas, é o seguinte:

Concepto	Duración total (años)	Importe total sin IVA (€)	Posible incremento del 20% del volumen de facturación (€)	Importe total valor estimado (€)
Período inicial del contrato	1,0	156.480,13	31.296,03	187.776,16
Posibles prórrogas	1,0	156.480,13	31.296,03	187.776,16
Total	2,0	312.960,26	62.592,05	375.552,31

O contrato consta dun lote único, por tratarse dunha prestación única.

5. Xustificación do procedemento de adxudicación.

Á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto, de conformidade co previsto no artigo 156 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ao considerar que é o procedemento que ofrece unha maior concorrencia. Está o contrato suxeito a regulación armonizada por exceder o seu valor estimado de 221.000,00€, de acordo co art.21.1.b) da LCSP.

6. Xustificación dos criterios de adxudicación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15042C0B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2024/G007/000016

En virtude do art. 145 da LCSP, a adxudicación dos contratos realizarase utilizando o prezo e unha porcentaxe de electricidade suministrada procedente de fontes renovables ou coxeración de alto rendimento, como únicos criterios de adxudicación, dado que o contido da subministración de electricidade atópase perfectamente regulado pola normativa de aplicación.”

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Concello de Mesía, luns 12 de agosto de 2024

O secretario, Eladio Bendaña Pardo

O alcalde, Mariano Iglesias Castro